

PROCEDIMIENTO A SEGUIR, POLAS ENTIDADES DE VOLUNTARIADO, PARA A INCORPORACIÓN DE PERSOAS VOLUNTARIAS ÓS SEUS PROGRAMAS

1) Sinatura do Acordo de Colaboración entre o representante legal da entidade e a persoa voluntaria

Asinarase un **acordo de colaboración**, entre o representante legal da entidade e a persoa voluntaria, ó abeiro do artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

De dito acordo, asinaranse dous exemplares, de xeito que cada parte disporá dun exemplar orixinal.

Segundo o establecido no apartado 3º do art. 6 da Lei de acción voluntaria, os menores de idade poderán participar en programas de voluntariado especificamente adaptados ás súas características. Para iso, ademais do acordo ou compromiso de incorporación, requírese a autorización expresa dos seus pais, titores ou da institución que teña os menores ó seu cargo.

2) Inscripción no libro de rexistro de voluntarios

2.1.- No libro de rexistro a entidade inscribirá ás persoas voluntarias unha vez asinado o acordo ou compromiso de incorporación ó seu programa de voluntariado.

2.2.- O **rexistro de voluntarios** poderá formalizarse a través dun libro en papel ou mediante procedementos informáticos.

2.3.- Este rexistro dependerá e será xestionado directamente por cada entidade, correspondéndolle, así mesmo, a actualización das altas e baixas producidas.

2.4.- O rexistro será público e poderán acceder, ós seus datos, os afectados, podendo solicita-las certificacións que precisen ou consideren necesarias.

2.5.- O rexistro deberá conte-la seguinte información: nome da persoa voluntaria, DNI, nome da entidade, programa ó que se adscribe, data de inscrición do voluntario á entidade, data de baixa, observacións.

2.6.- A certificación á que ten dereito toda persoa voluntaria, segundo o artigo 7.i) da Lei 10/2011, farase en base ós datos contidos no libro-rexistro existente na entidade ou organización, na que a persoa voluntaria presta a súa colaboración, así como nos datos contidos no acordo de colaboración, previamente asinado. Este certificado será expedido polo órgano competente da entidade de voluntariado.

2.7.- A inscrición de persoas voluntarias no libro-rexistro do centro no que prestan a súa colaboración é incompatible coa prestación de servizos retribuídos de calquera natureza no mesmo centro, para garantir a non interferencia laboral.

2.8.- Non se procederá á inscrición como persoa voluntaria daqueles que realicen actividades que non sexan de interese xeral e altruísta ou que incumpran os requisitos da lei do voluntariado ou disposicións complementarias.

2.9.- O rexistro de persoas voluntarias terá carácter público, independentemente da aplicación da lexislación relativa á protección de datos de carácter persoal. Non se poderán utilizar estes datos para fins distintos ós establecidos neste acordo.

3) Efectua-la alta na Póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil (art. 11 i) Lei 10/2011, do 28 de novembro)

As entidades de acción voluntaria deberá acreditar a subscripción dunha póliza de seguros que cubra, tanto os danos sufridos polas persoas voluntarias, como os ocasionados a terceiros no exercicio da actividade de voluntariado.

4) Certificado de participación, como persoas voluntarias, ó remate do Compromiso

Segundo o art. 7.i) da Lei 10/2011 de acción voluntaria, as persoas voluntarias recibirán certificación da súa participación nos programas de voluntariado das entidades nas que colaboraron.

En concordancia con este dereito das persoas voluntarias, o art. 11.g) regula como obriga das entidades de voluntariado “certifica-la actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida”.

Dentro do respecto á liberdade de forma, ofrécese un modelo-tipo de certificado para facilitar o exercicio da responsabilidade das entidades.

**PARA CALQUERA DÚBIDA CONTACTAR COA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE,
PARTICIPACIÓN EVOLUNTARIADO. TEF: 981-957915**